

# QUE IMPORTANTE É O AIRE!



O aire está en todas partes, aínda que non o vexamos. Nel prodúcense os fenómenos meteorolóxicos que observamos cada día.

O aire é imprescindible para a respiración dos seres vivos. Por iso, é necesario que estea limpo.

## NESTE TEMA DAREMOS RESPUESTA ÁS SEGUENTES CUESTIÓN:

- Como é a atmosfera?
- Por que chove?
- Que tempo vai?
- O tempo de cada estación
- A importancia do coidado do aire para a nosa saúde.

## E SEGUIREMOS A TRABALLAR...

DEFINICIÓNS

VOCABULARIO

ESQUEMAS  
E  
EXPOSICIÓNS ORAIS



# Como é a atmosfera?

A atmosfera é a capa de gases da Terra. É moi importante para a vida no planeta por varios motivos.

- **FILTRA** os raios do sol prexudiciais para os seres vivos.
- **REGULA** as temperaturas da Terra e, así, evita que sexan demasiado altas ou moi baixas.
- **Contén** o aire que respiramos e que, ademais, permite oír os sons ou voar.



O aire da atmosfera permite o voo de aves e aparellos.

## As capas da atmosfera

A atmosfera ten varias capas: a **troposfera** é a máis próxima á superficie terrestre, a **estratosfera** está situada sobre a troposfera e as **capas exteriores** están a máis de 50 km.

**A TROPOSFERA**  
Contén gran cantidade de **osíxeno**, gas necesario para a respiración.

**A ESTRATOSFERA**  
Contén **ozono**, que protexe a Terra dos raios solares prexudiciais.

**AS CAPAS EXTERIORES**  
Estas capas non teñen apenas osíxeno.



# A atmosfera contaminada

Se o aire da atmosfera contén fume, cinzas e gases perxudiciais para a saúde, dicimos que o aire está contaminado.

A contaminación do aire provoca enfermidades ás persoas e aos animais. Tamén dana as plantas e inflúe no aumento da temperatura do planeta.



The infographic is divided into two main sections: 'COMO SE ENSUCIA O AIRE' (How air gets polluted) and 'COMO SE COIDA O AIRE' (How air is cleaned). The left section lists three causes: 'Emisións de fábricas' (Factory emissions) with an image of a power plant, 'Fume de tráfico' (Traffic smoke) with an image of a traffic jam, and 'Fume e cinzas de incendios e volcáns' (Smoke and ash from fires and volcanoes) with an image of a volcano. The right section lists three solutions: 'RECICLAR para volver utilizar un material xa usado.' (Recycle to reuse used material) with an image of recycling bins, 'AFORRAR electricidade.' (Save electricity) with an image of a hand turning off a light switch, and 'UTILIZAR vehículos que non contaminan.' (Use vehicles that do not pollute) with an image of people riding bicycles.

CAUSAS, CONSECUENCIAS E SOLUCIÓNS DA CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA 

QUE É O EFECTO INVERNADERO? 

## Actividades

1. ESCRIBE no teu caderno por que a atmosfera é importante para a vida.
2. CONTESTA no teu caderno as seguintes cuestións:

Cales son as capas da atmosfera?

Como é cada capa?

3. EXPLICA oralmente que é o aire contaminado.

## Por que chove?

As nubes, o vento, a chuvia, a neve, as tormentas, o arco da vella ... son fenómenos atmosféricos e prodúcense na troposfera.

## Como se forma o arco da vella?




### AS NUBES

Están formadas por gotiñas de auga e teñen formas moi variadas.



cirros



cúmulos


### AS PRECIPITACIÓNS

Pode ser **chuvia**, cando cae en estado líquido, ou en forma de **sarabia** ou **neve**, cando cae en estado sólido.




### O VENTO

É o aire en movemento. O vento varía segundo a forza: se é suave, chámase **brisa**, se é moi forte, **furacán**.



### AS TORMENTAS

Son fenómenos con nubes, precipitacións, ventos e raios, que son descargas eléctricas.



## Por que se producen as tormentas eléctricas?



# Como se produce a chuvia?

A chuvia é un fenómeno atmosférico que se produce grazas ao ciclo da auga.

Observa con atención como se forma:




## Actividades

1. DEFINE no teu caderno que son os fenómenos atmosféricos.

2. EXPLICA no teu caderno como se produce a chuvia. Despois intenta explicalo oralmente.

# QUE TEMPO VAI?

## O tempo atmosférico



O tempo atmosférico infórmanos de como está a atmosfera nun lugar e nun momento determinados: se loce o sol, se hai nubes ou se sopra o vento ...

O tempo cambia cada día.

## O estudo do tempo

A estación meteorolóxica contén varios aparellos para medir a calor do aire, as precipitacións e o vento. Os datos que proporcionan axudan a estudar o tempo.




## Instrumentos meteorolóxicos

## Globos e satélites meteorolóxicos



# Os mapas do tempo



A meteoroloxía estuda a atmosfera, os fenómenos atmosféricos que se producen nela e a súa representación nos mapas.

Para elaborar os mapas do tempo, cada día tómanse datos de moitas estacións meteorolóxicas. Tamén emprégase a información que envían a uns ordenadores os satélites que xiran arredor da Terra.

## Actividades

1. DEFINE no teu caderno: pluviómetro, catavento e anemómetro.


2. OBSERVA o mapa e contesta oralmente. RAZOA a túa resposta.

- En que punto cardinal vai lucir o sol? En cal vai chover?
- Que zona elexirías para ...

ir de acampada

probar un pluviómetro

## O tempo de cada estación



Ao longo do ano , a noite e o día non duran o mesmo en cada estación. Tampouco son iguais as temperaturas nin as precipitacións. Cada estación ten un tempo atmosférico diferente.

### **A primavera**

Ao inicio da primavera, os días e as noites duran case o mesmo. Despois, os días vanse alongando.


- **O tempo:** as temperaturas son suaves e as chuvias frecuentes. Ao final da primavera, os días son máis calorosos.
- **A paisaxe:** durante a primavera, a moitas plantas vólvenlles nacer follas. Ademais, saen herbas e flores porque chove e vai máis calor ca no inverno.




### **O verán**

A finais de xuño, os días son os máis longos do ano. Ao final do verán, os días e as noites duran o mesmo.

- **O tempo:** as temperaturas son as máis altas do ano e vai calor. As chuvias son escasas.
- **A paisaxe:** como chove moi pouco e vai calor, moitas herbas secan. A paisaxe vólvese máis amarelenta ca na primavera. Moitos froitos maduran no verán e recóllense as súas colleitas.



Comeza en setembro




## O outono

Ao inicio do outono, os días e as noites duran case o mesmo. Despois, as noites vanse alongando. O menor número de horas de luz ao día afecta o tempo e a paisaxe.

- **O tempo:** ao inicio da estación, as temperaturas son suaves, pero despois cada vez vai máis frío. As chuvias son frecuentes.
- **A paisaxe:** as árbores de folla caduca cambian a cor das follas e van caendo.

Comeza en decembro



## O inverno

Ao principio, os días son moi curtos. Ao final da estación, os días vanse alongando porque se aproxima a primavera.

- **O tempo:** é a estación en que vai máis frío. As precipitacións poden caer en forma de neve.
- **A paisaxe:** moitas plantas están sen follas e nalgúns lugares a neve cobre a paisaxe.

## Actividades

1. CONTESTA no teu caderno:


- Como son as temperaturas no inverno? e no verán?
- En que estación do ano as noites son máis longas? e máis curtas?
- Cales son as estacións con chuvias frecuentes?

Canto sabes sobre as estacións?



## Actividades

1. ESCRIBE o nome de cada capa da atmosfera onde corresponde.
2. EXPLICA o que contém cada capa.




3. Sabes como se chamam as capas exteriores?
4. En que capa se producen os fenómenos atmosféricos?

## Actividades



1. Describe como é o tempo neste momento.
2. Crees que choveu? Por que?
3. Que estación do ano é? Como o sabes? Explica.



🎵 **Escoitamos .....** “As Catro Estacións”. Antonio Vivaldi

🎵 “A Primavera”

🎵 “O Verán”

🎵 “O Outono”

🎵 “O Inverno”

